



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Bieito Lobeira Domínguez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa á posición que mantén a Dirección Xeral de Urbanismo a respecto do conflito urbanístico existente no núcleo do litoral dos Areeiros (Ribeira), e as medidas que se adoptarán para a solución do mesmo.

A Audiencia Nacional ven de ditar unha sentenza que desestima o Recurso interposto polo Concello de Ribeira en relación co deslinde dos bens de dominio público marítimo-terrestre na extensión superficial correspondente á praia de Aguiño (concello de Ribeira), e en concreto no núcleo dos Areeiros.

É evidente que esta decisión xudicial agrava a situación que están a padecer veciños e veciñas dos Areeiros e tamén do norte da parroquia de Palmeira como consecuencia da inadaptación do marco legal vixente en materia de protección do litoral (Lei de Costas, 1988) á realidade física.

Neste contexto, ao que non é alleo o feito de que as competencias vinculadas ao dominio público marítimo-terrestre sigan residenciais en Madrid (Dirección Xeral de Costas- Ministerio de Medio Ambiente) incide tamén negativamente o informe elevado pola Dirección Xeral de Urbanismo (Consellaría de Política Territorial) á Audiencia Nacional, en Xullo de 2007, no que afirma non se ter aportado documentación xustificativa de que a servidume de protección a aplicar na



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

zona sexa de 20 metros no canto dos 100 metros fixados polo Ministerio de Medio Ambiente.

Mantense así a absurda e reiterada continuidade na posición mantida xa no ano 2002, co correspondente informe do anterior Goberno do Partido Popular, cando contra toda lóxica se sinalaba o non recoñecemento da clasificación do núcleo dos Areeiros como “solo urbano de núcleo rural”.

Así as cousas, e aínda lamentablemente non posuíndo Galiza competencias no dominio público marítimo-terrestre, si as ten (exclusivas e excluíntes) en materia de urbanismo. E hainas que exercer a fin de resolver definitivamente un conflito no que os veciños e veciñas afectadas non son responsábeis, senón vítimas.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Que avaliación realiza a Dirección Xeral de Urbanismo sobre a sentenza da Audiencia Nacional referente ao núcleo dos Areeiros (Ribeira)?

2.^a) Por que razón elevou a Dirección Xeral de Urbanismo unha posición contraria a baixar dos 100 aos 20 metros a servidume de protección?

3.^a) Ten constancia de que o Concello de Ribeira, previamente, dera traslado da documentación acreditativa de que esta zona reunía, a entrada en vigor da Lei de Costas -1988- os requisitos do seu carácter urbano?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2008 13:21
Nº Rexistro: 26708
Data envío: 28/01/2008 13:21:39.114

4.^a) Ten previsto adoptar medidas, comezando pola emisión dun informe favorábel, que fundamente a decisión de reducir a 20 metros a servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre nos Areeiros e norte de Palmeira?

5.^a) En caso positivo, en que prazo e a través de que método?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2008.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/01/2008 13:21:03

Bieito Lobeira Domínguez na data 28/01/2008 13:21:07